

PRESENTACIÓN DO LIBRO *CONSTRUCCIÓN*, DE EDUARDO ESTÉVEZ

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo mércores 29 de abril de 2009, ás 20.00 h, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” (Pazo de Vila Melania, Vilaboa), o acto de presentación do poemario *Construcción*, do poeta Eduardo Estévez.

No transcurso do acto intervirán Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo, Carlos Pereira Martínez, historiador e Eduardo Estévez, autor.

A Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” continúa co seu programa de presentación de libros e faino, nesta ocasión, coa obra *Construcción*, publicado por Edicións Positivas, e da autoría de Eduardo Estévez, un poeta moi vencellado tamén ás novas tecnoloxías, e que, ademais de deseñar páxinas web, mantén diversos blogs na rede.

A súa obra literaria mereceu diversos premios: accésit do Premio Miguel González Garcés (1997), finalista do premio Tivoli Europa (1999), XV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón (2002) e VI Premio de poesía Concello de Carral (2002). En maio de 2008 obtén o XIV Premio de Poesía Miguel González Garcés, da Deputación da Coruña, que lle sería retirado posteriormente, logo dun debate xurídico-literario.

Datos biográficos

Eduardo Estévez naceu en Bos Aires en 1969, cidade na que residiu ata 1990. Á idade 16 anos comeza a frecuentar o taller literario do xornalista e escritor Daniel Arias. En 1990 publica o seu primeir libro de poemas. Tamén nestes tempos pasará unha tempada aprendendo música e composición con Gustavo Mozzi.

En outubro de 1990 marcha a Caracas (Venezuela), onde residirá ata xaneiro de 1995. Aquí participa no taller literario do Centro de Estudos Latinoamericanos “Rómulo Gallegos”, coordinado polo poeta Harry Almela. Escribe artigos, publica traducións diversas (poesía brasileira, portuguesa e galega).

Aínda residindo en Caracas, a finais de 1993 fai unha viaxe na que, en Santiago, nunha librería da cidade merca dúas antoloxías da poesía galega (unha de poetas dos 80, bilingüe, publicada por Visor e a outra era un compendio dos libros da colección Val de Lemos en reedición de Espiral Maior), e un libriño de verbos; tamén lle regalaron un par de poemarios (un deles, *Cantos Caucanos*, de Avilés de Taramancos) e despois consegue un dicionario de galego.

Regresa a Caracas e, nun ano, sae o seu segundo libro, *Ya tan deshabitado*, publicado Harry Almela na súa editorial La liebre libre, e *Finis Terræ*, unha selección de poemas de Xavier Rodríguez Baixeras, Xosé M. Álvarez Cáccamo, Manuel Forcadela e Xela Arias traducidos por el.

En 1995 trasládase a Galicia e instálase na zona de Santiago de Compostela. Comeza a frecuentar actos literarios e traba relación con varios poetas das novas xeracións.

Comeza a súa produción en galego, que ve á luz por primeira vez en 1998.

Coordina talleres literarios en centros educativos e bibliotecas municipais por toda Galicia, e participa na fundación de dúas editoriais, Letras de Cal e Retagarda Edicións. Colabora tamén en publicacións periódicas e é responsábel dalgúns blogs sobre temas literarios e de actualidade.

Tamén se dedica ao deseño, construción e administración de sitios web: ten realizado, entre outras, a páxina persoal de Rafa Villar “Mares de Sinbad”, a páxina de Letras de Cal (www.lettrasdecal.org), a de Marilar Aleixandre (www.marilar.org), e a súa páxina persoal (www.luagris.net).

Libros publicados

Catedrales de perfil (1990), *Ya tan deshabitado* (1994), *Só paxaros saíron desta boca* (1998), *Lúa gris* (1999), *Os veos da paisaxe* (2000), *Caderno apócrifo da pequena defunta* (2003), *Derrotas* (2004), *Itinerarios* (antoloxía) (2005) e *Construcións* (2008).

Obra en páxinas web

Postais (texto escrito en colaboración con Caro Erlich) (edición web, 2005, en luagris.net); *Mapas para describir a ausencia* (edición web, 2005, en luagris.net); *En construción* (proceso de produción publicado na web, 2006, en [en construción e luagris.net](http://en.construcion.luagris.net)).

Culleredo, 27 de abril de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez